

Onde a natureza é arte...

O IRIXO

orixo.sedelectronica.es

Revista de información municipal

Inverno 2019

Premio a un "Concello Emprendedor"




O alcalde, Manuel Penedo, e varios membros da Corporación reciben o título do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, en presenza da delegada territorial, Marisol Díaz



Infraestruturas

Continúa a renovación da capa de rodadura de estradas, pistas e camiños municipais. Tamén se acometeron proxectos para mellorar o alumbeado público e zonas recreativas en varias zonas do concello.



Maquinaria

A Mancomunidade de O Carballiño amplía o parque de maquinaria de obras con un novo tractor desbrozadora. A Xunta de Galicia colaborou nesta adquisición a través da Consellería de Medio Rural.



Nadal lúdico

O programa festivo do Nadal incluíu a visita de Papa Noel e actividades lúdicas para os máis novos. Tamén houbo unha representación de "Cañaverl de pasión" e a visita ao parque de atraccións de Pazolandia.

Prémio a un "Concello Emprendedor"



O alcalde, Manuel Penedo, e varios membros da Corporación reciben o título do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, en presenza da delegada territorial, Marisol Díaz.



Concello e a Deputación colaboran para executar novos proxectos



A Deputación Provincial de Ourense e o Concello de O Irixo seguen colaborando para mellorar servizos e infraestruturas municipais. O presidente, Manuel Baltar, e o alcalde, Manuel Penedo, asinaron un novo convenio para levar a cabo proxectos de reforma da rede viaria en diferentes pobos do concello.

- ◆ **O Irixo é un dos concellos onde os cidadáns pagan menos impostos.**
- ◆ **Veciños e Concello despediron cunha homenaxe a Chema Ferreiro.**
- ◆ **Os Servizos Sociais, un obxectivo prioritario para a Mancomunidade.**
- ◆ **Reforzo de maquinaria e dispositivos na loita contra os incendios forestais**

O Irixo, recoñecido como "Concello Emprendedor" pola Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias



OUTORGAN O PRESENTE CERTIFICADO DE

CONCELLO EMPRENDEDOR

DOING BUSINESS GALICIA

Ao Concello de:
O IRIXO

Por cumprir as condicións establecidas no Convenio Marco de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia

Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2018

Presidente da Xunta de Galicia

Alberto Núñez Feijóo

Feijóo salientou na edición de 2018 que ter esta distinción significa compartir coa Xunta a necesidade de levantar as barreiras ao investimento empresarial para estimular a actividade económica; e ser unha Administración consciente de que os trámites administrativos teñen que ser un garante e non unha encrucillada que retarde ou disuada o labor das empresas.



O alcalde de O Irixo, Manuel Penedo, recibiu do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, o diploma de "Concello Emprendedor", que recoñece o esforzo realizado a prol do emprego e a dinamización da economía local. Haberá outro acto oficial, que se celebrará en Santiago de Compostela, e que contará coa presenza do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e do presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Alfredo García.

Homenaxe do Concello e dos veciños ao ATS Chema Ferreiro

O Concello de O Irixo e unha numerosa representación dos veciños participaron nunha homenaxe de despedida ao ATS Chema Ferreiro, que exerceu como enfermeiro no Centro de Saúde. A este acto acudiu tamén o presidente do Parlamento galego, Miguel Ángel Santalices. O alcalde de O Irixo lembrou que con anterioridade xa se rendiu "homenaxe a persoal sanitario con motivo da súa xubilación, como foi o caso dos médicos Francisco Vázquez e Antonio Pedreira", e que "este detalle responde ao agradecemento a Chema pola súa categoría humana e profesional".



Manuel Penedo, pronunciou unhas palabras de agradecemento e entregoulle unha placa conmemorativa ao homenaxeado.

Novas infraestruturas e servizos municipais

A Deputación e o Concello de O Irixo renovan a cooperación para mellorar a calidade de vida dos veciños do municipio

O alcalde de O Irixo, Manuel Penedo, e o presidente da Deputación Provincial de Ourense, Manuel Baltar, asinaron o pasado 15 de xaneiro un novo convenio para realizar obras de mellora e renovación da capa de rodadura en varias estradas do noso concello. É a través do Plan Adicional de Obras da Deputación como se van investir 60.000 euros. As obras vanse executar no primeiro semestre de 2019, cando as condicións meteorolóxicas sexan máis favorables, no acceso de Alén a Lousado; no camiño da Pena da Sela a Outeiro de Reádegos; e nos accesos a Alemparte, Castiñeiro e Sidre.

Esta colaboración renóvase todos os anos a través dos Planes Provinciais de Obras e os Planes Adicionais. A intención do Concello é a mellora das vías municipais de forma periódica, procurando que se executen as obras no menor tempo posible.





A colaboración da Deputación de Ourense co Concello de O Irixo mantéñese durante todo o ano. As brigadas de Obras da institución provincial realizan traballos periódicos de conservación de toda a rede de estradas, pistas e camiños municipais. E tamén a través de planes de obras complementarios. En 2018 leváronse a actuacións para renovar a capa de rodadura en Munín, Carballeda, Paredes, Barro, Loureiro, O Cardedo e Outeiro de San Cosme.



A través dos Planes Provinciais de Obras, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de O Irixo vanse investir 48.000 euros na renovación integral dos accesos a Subirol. Recentemente completáronse os traballos previstos nos proxectos de mellora de infraestruturas viarias en Fontes, O Viso, Bugalleira, Pedriña, Residencia Xeriátrica, Campo de Fútbol municipal e acceso á Vila. Neste caso, o investimento que realizaron o Concello e a Deputación foi tamén de outros 48.000 euros.




A través do Plan MARCO da Xunta de Galicia, o Concello de O Irixe xestionou a inclusión de varias obras para mellora de camiños municipais 2018-2019. Foi no acceso a Esfarrapa e no camiño de San Roque, e no pobo de Menaz, onde se construíu un muro de contención e se asfaltou un tramo de estrada. E, a través de Vicepresidencia levouse a cabo o investimento de 44.996 euros en camiños de O Irixe de Arriba e no asfaltado do acceso á Irexla da Cidá.



Muíño de Loureiro

A través do Fondo de Compensación Ambiental realizouse a recuperación ambiental en Loureiro, coa restauración dun muíño, a limpeza e recuperación da canle, e a mellora do abastecemento en Barro. Supuxo o investimento de 44.566 euros.

A Xunta colabora nas obras de Loureiro e de Santa María do Campo



Campo da festa e igrexa de Santa María do Campo

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado mes de decembro o proxecto tramitado pola Consellería de Medio Ambiente para acometer as obras de mellora do pavimento e restauración do cruceiro na praza da rúa de Loureiro e a urbanización do campo da festa de Santa María do Campo. O financiamento, valorado en 100.000 euros, realizárase a través do Plan Hurbe de humanización, urbanización e equipamento de espazos públicos para mellorar a estética e a convivencia nos pobos.




Un dos concellos onde os cidadáns pagan menos impostos

O Concello de O Irixo figura entre os que aplican o mínimo legal sobre o Imposto de Bens Inmóveis (IBI), o que repercute en que os propietarios paguen menos que en outros municipios da provincia de Ourense. O tipo de IBI urbano que se aplica en O Irixo é do 0,4% do valor catastral, a cantidade máis reducida que se pode aplicar de acordo coa lexislación que regula este imposto. O Ministerio de Facenda establece que os concellos poden aplicar a súa porcentaxe do IBI entre un mínimo do 0,40% e un máximo do 1,1%. Tamén no caso do

IBI rústico, o Concello de O Irixo aplica un tipo impositivo próximo ao mínimo legal.

En tempos de dificultades económicas non deixa de ser unha boa noticia que o Concello suavice a presión impositiva sobre os cidadáns, que xa abonan bastantes impostos de todo tipo que recadan as diferentes Administracións públicas, e busque por outras vías mecanismos de financiamento para manter o bo nivel de servizos e infraestruturas que demandan os veciños e veciñas en todos os pobos do municipio. ■



ELECCIÓNS MUNICIPAIS


26 DE MAIO

CITA COAS URNAS

O último domingo de maio, os veciños e veciñas do concello de O Irixo teremos a oportunidade de participar nas Eleccións Locais. Será para elixir á 11ª Corporación Municipal desde a reinstauración da democracia.

PROMOCIÓN LABORAL

O Concello colabora coa Deputación e a Xunta na promoción de emprego coa contratación de persoal para realizar tarefas medioambientais, de prevención de incendios e de limpeza nos perímetros de seguridade dos pobos. Tamén solicitará dúas brigadas contraincendios. En total, vanse crear arredor de 20 postos de traballo.



PATRIMONIO

O alcalde, Manuel Penedo, reuniuse coa directora xeral de Patrimonio Cultural da Xunta, Carmen Martínez, para avanzar na restauración da igrexa de San Pedro de Espiñeira. Tamén realizou xestións co Bispado de Ourense para acometer reformas nas capelas de Orros, Esfarrapa e Pena da Sela, a cambio do campo da festa da Lama.

ENTROIDO 2019

O desfile do Entroido será o sábado, 2 de marzo. Como en anos anteriores, o Concello de O Irixo anima a participar a todos os veciños e veciñas con disfraces individuais, en comparsas e carrozas, e repartirá premios entre os máis orixinais.



Manuel Penedo Paradela,
alcalde:

“A nosa obriga é estar cerca dos veciños, solucionando os seus problemas e tratando de mellorar o que xa temos”

P.- Xa na fase final do actual mandato da Corporación Municipal de O Irixe, qué valoración fai destes catro últimos anos?


Manuel.- O traballo está ahí e pode verse facilmente. Levamos a cabo varios proxectos do Plan Marco, en colaboración coa Xunta de Galicia, e outras obras financiadas por Vicepresidencia, entre elas a construción de muros e asfaltados. Tamén se destinaron partidas importantes á construción de pozos e á ruta de sendeirismo dos castros, que ten 5 quilómetros, e a continuación ata Santiso, onde enlaza coa ruta dos Arrieiros e torna cara a O Irixe. Tamén foi importante a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal e obras de abastecemento e saneamento. Sen esquecer os traballos que se levaron a cabo en convenio coa Deputación Provincial para a mellora de infraestruturas viarias, e outros proxectos para conservar o patrimonio artístico en capelas como as da Pena da Sela, San Roque e Lourdes. E sempre procurando estar cerca dos nosos veciños, solucionando os seus problemas e tratando de mellorar o que xa temos conquistado.

P.- Despois de case 32 anos como alcalde, cales pensa que son os retos aos que se enfrente o concello de O Irixe?

Manuel.- O máis importante é o da despoboación, que afecta á maior parte dos concellos do interior de Galicia. Este é o gran problema que temos no rural e a solución corresponde, sobre todo, ás Administracións central e autonómica, implicándose máis a través de subvencións para a rehabilitación de vivendas e máis axudas para os sectores agrícola e gandeiro. Estou convencido de que así algúns volverían ao rural e outros non se marcharían. O compromiso do Concello está claro e pola nosa parte non ía faltar ese apoio á xente con capacidade para desenvolver novas iniciativas económicas e laborais.

P.- Cómo contempla o futuro do concello?

Manuel.- O futuro de O Irixe pasa polo aproveitamento dos montes, que seguen producindo moita madeira e tamén carne de calidade, a través de novas explotacións gandeiras. O problema para sacarlle unha maior rendabilidade ás terras é o minifundismo, polo que sería preciso acometer proxectos de concentración parcelaria. Tamén está aberta a posibilidade de construír un polígono industrial, contemplado no PXOM, que permitiría desenvolver aquí proxectos empresariais aos emprendedores do noso municipio.



P.- A nivel municipal en O Irixe, qué destacaríaa como máis relevante do que nos deixou o ano 2018?

Manuel.- Neste ano recén rematado continuamos co programa de mellora da rede viaria local, prestando especial atención ás estradas e ás pistas agrícolas en zonas de produción forestal. A nivel laboral, fixéronse varias contratacións para axudar a veciños desempregados. Tamén se ampliaron as horas de cobertura para os beneficiarios do Servizo de Axuda no Fogar.

P.- E qué agarda como alcalde para o novo ano?

Manuel.- Están aprobados proxectos importantes que se irán executando nos próximos meses, como a mellora da pavimentación en varias estradas e camiños municipais, a través dos Planes Provinciais de Obras e do Plan Marco da Xunta de Galicia. E queremos seguir apostando polas políticas de emprego, por potenciar os servizos sociais comunitarios e continuar cos planes de obras municipais, para o que contamos co inestimable apoio da Deputación de Ourense e da Xunta de Galicia. Está claro que se queremos asentar poboación temos que conservar e mellorar os servizos básicos e darlles oportunidades á xente nova, que debe ser o principal obxectivo de todos os concellos do interior de Galicia que loitan contra a despoboación. E neste tempo necesitamos máis que nunca aos emprendedores e o apoio decidido das distintas Administracións públicas.

Servizos Sociais Comunitarios

Os 27 beneficiarios do programa de Axuda no Fogar recibiron máis de 17 mil horas de atención durante o último ano

O programa de Axuda no Fogar (SAF) atendeu durante o ano 2018 a unha media de 27 persoas. A maioría corresponde a beneficiarios de SAF Dependencia (23), aos que se dedicaron 16.800 horas/ano. Os 4 usuarios na modalidade de SAF básica contaron con apoio durante 384 horas/ano. Este servizo está atendido por 11 auxiliares da Mancomunidade. En 2018 ampliouse a

cobertura con máis horas de servizo para satisfacer as peticións das persoas dependentes. O financiamento realízase coas aportacións da Xunta de Galicia, da Deputación de Ourense, do Concello de O Irixe e dos beneficiarios, de acordo cos baremos estipulados en función das súas rendas familiares. Tamén se xestionou a teleasistencia para varias veciños e veciñas.

Información, orientación e asesoramento

Informar, orientar e asesorar sobre os dereitos e recursos sociais existentes para solventar as necesidades dos veciños e veciñas de O Irixe, así como a derivación dos casos que o requiran a outras instancias: este é un dos obxectivos do departamento municipal de Servizos Sociais, que durante o ano 2018 atendeu a case 800 persoas. O traballador social Julio Deus presta atención directa aos veciños e veciñas, recibe, acolle e atende as demandas directas da poboación e busca as solucións aos problemas plantexados por persoas e unidades familiares, en diferentes ámbitos, desde dificultades económicas e laborais, ata problemas de integra-



Servizos Sociais Comunitarios
Horario de atención:
LÚNS A XOVES:
9:00-14:00
CASA DO CONCELLO
(Edificio anexo)



Cinco unidades familiares reciben nos seus fogares os menús do programa "Xantar na Casa", promovido pola Xunta de Galicia

ción, de educación familiar, outros programas solidarios, actividades do IMSERSO, etc.

Teleasistencia domiciliaria

A Teleasistencia é un recurso dirixido a persoas con algunha discapacidade e a veciños maiores con problemas de mobilidade que ten como obxectivo mellorar a súa calidade de vida permitíndolles permanecer nos seus domicilios coas necesidades básicas ben cubertas. En 2018 beneficiáronse outras 7 persoas.

Nadal solidario

O Concello colaborou coa Cruz Vermella na recollida de alimentos, xoguetes e roupa para as persoas e familias máis necesitadas. Os puntos de recollida establecéronse na Casa consistorial e no servizo de actividades do colexio Virxe da Sela.

Visita á Casa Niño da directora xeral de Familia da Xunta de Galicia



A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, Amparo González Méndez, insistiu en O Irixe na importancia que teñen as Casas Niño para o fomento da conciliación nos concellos rurais. Así o apuntou durante unha visita á casa 'Os Raparigos', un novo servizo gratuito para as familias do noso municipio que na actualidade atende a 5 nenos e nenas en horario de 8:00 a 16:00 horas.

Este novo equipamento social é unha das nove Casas Niño que entraron en funcionamento na provincia de Ourense ao abeiro da última convocatoria de axudas da Consellería de Política Social.

Premio Coopera para o Xeodestino Turístico Carballiño-Ribeiro

O Irixo forma parte do proxecto "Creando o xeodestino Carballiño-Ribeiro", promovido polas Mancomunidades Terras do Avia e do Carballiño, e recoñecido co terceiro nivel dos Premios Coopera, instituídos pola Xunta de Galicia.

O obxectivo desta iniciativa é fomentar o turismo nesta zona a través dun plan



de actuación plurianual que aporte certeza aos concellos que a conforman, confianza no empresariado e axentes turísticos locais, e que xere un sistema de promoción e comunicación estable no mercado. O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, entregou os galardóns no mosteiro de San Clodio.

Promoción en FITUR 2019

A promoción turística da nosa comarca chegou ata a Feira Internacional de Turismo (FITUR), celebrada en Madrid do 23 ao 27 de xaneiro. O Xeodestino Turístico Carballiño-Ribeiro tivo especial protagonismo no expositor da Xunta de Galicia, nun acto no que estiveron presentes a directora de Turismo, Nava Castro, o presidente do Parlamento galego, Miguel Angel Santalices, a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz, e o presidente da Mancomunidade de Carballiño, Manuel "Lito" Cerdeira., entre outros. O eixo da promoción "Sabor propio" xirou en torno á ruta do viño do Ribeiro e á riqueza gastronómica, arquitectónica e medioambiental desta comarca.



Lito Cerdeira e Marisol Díaz



Entrevista de traballo do presidente da Mancomunidade, Manuel Cerdeira, coa conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, en dependencias da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela.

Colaboración da Xunta de Galicia

As Consellerías de Política Social e de Medio Rural da Xunta de Galicia son claves no bo fundamento da Mancomunidade. Política Social encárgase de financiar unha parte importante dos Servizos Sociais, sobre todo o referido á Axuda no Fogar, e Medio Rural aporta os recursos para desenvolver unha boa política medioambiental en O Irixo e na comarca de O Carballiño. Este departamento da Xunta aporta unha motobomba e sufraga as distintas brigadas de prevención e de extinción, ademais de traballos de roza e tratamentos preventivos nos montes que se desenvolven durante todo o ano.

A Mancomunidade contribuíu ao emprego de 89 persoas nos Servizos Sociais e para as brigadas medioambientais e de limpeza dos montes

A Mancomunidade de Concellos da comarca de O Carballiño, que preside Manuel Cerdeira, contou o pasado ano cun orzamento de 1.643.000 euros, o máis alto da súa historia (queudou constituída en 1988). Do total, o 87% destinouse a gastos de persoal, xa que o cadro laboral desta agrupación ascende a 89 persoas, entre as destinadas ao coidado de montes e tarefas medioambientais e a servizos sociais.

Del total presupuestado, el 87% se destina a gastos de personal, dato que se corresponde con



Sede da Mancomunidade de O Carballiño, en Seoane, na que están representados os concellos de Boborás, Beariz, San Amaro, Piñor de Cea e O Irixo.

1,4 millones. El cuadro laboral de la agrupación asciende a 89 personas, destinadas a las dos líneas de actuación en las que trabaja este centro: el cuidado de montes y los servicios sociales. Na prevención de incendios estiveron tres persoas contratadas e un encargado, e nos meses de verán, ampliouse con tres brigadas de prevención e extinción de lumes, con outras 18 persoas. No Servizo de Axuda no Fogar traballan 49 auxiliares contratadas, que están coordinadas por catro traballadores sociais.

Novo tractor desbrozadora

A Xunta de Galicia, a través do Fondo de Compensación Ambiental, destinou máis de 55.000 euros; e os concellos outros 20.000, para a adquisición dun tractor con rozadora destinado a labores ambientais por parte da Mancomunidade de O Carballiño. A este acto acudiron a directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, e a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz, xunto ao presidente da Mancomunidade, Manuel Cerdeira, o alcalde de O Irixo, Manuel Penedo, e representantes dos concellos de Boborás e Piñor.



A loita contra os incendios continúa



Dúas brigadas forestais de cinco persoas cada unha traballou durante o verán na extinción de incendios forestais no concello de O Irixo e na comarca, ademais de realizar tarefas de limpeza e desbroces de xeito preventivo. Durante máis de tres meses do verán e do outono, os operarios dispuxeron de medios de transporte facilitados polo Concello de O Irixo e materiais de extinción facilitados pola Consellería de Medio Rural.

O magosto, unha festa popular

A celebración do Magosto segue sendo unha festa popular herdada dos nosos devanceiros. O pavillón municipal reuniu a máis de 200 persoas, convocadas polo Concello de O Irixo, para degustar os produtos típicos do outono, coas castañas, os chourizos e o viño como protagonistas, e para pasar un bo rato. E grazas tamén aos voluntarios que colaboraron na organización deste evento.



Cañaveral de pasión

Foi unha sorpresa a gravación dunha telenovela en Pedriña, e tamén a representación dun capítulo no pavillón polideportivo de O Irixo, o pasado 29 de decembro. As gradas estiveron a rebozar para seguir en directo "Cañaveral de pasión", ideada polos irmáns Óscar e Juan Manuel Villanueva, xunto a Yolanda Vázquez, e na que actúan outros sete actores e actrices afeccionados do concello e da comarca. A través de Youtube e das redes sociais foise creando unha bola de popularidade que os anima a seguir emitindo cada semana as aventuras dos seus protagonistas, un entramado de "amor, odio, drama, acción, suspense e moito máis". Mesmo xa contan cun club de fans.



Unhas festas especiais



A chegada de Papa Noel ao polideportivo municipal foi un dos momentos máis agardados polos nenos e nenas do concello na programación de Nadal. Tamén puideron participar no Campamento de Nadal, nas instalacións do colexio, unha actividade pensada tamén para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar de moitas familias. A representación de "Cañaverál de pasión", un fenómeno a nivel comarcal nas redes sociais, contou coa presenza de numeroso público. E, tamén, os máis novos tiveron a ocasión de visitar Pazolandia, en Expourense, excursión organizada polo Concello de O Irixo en colaboración coa Deputación Provincial.



A Gran Festa de Nadal contou con actividades plásticas, aparellos de xogos infantís e inchables, como preludio á chegada de Papa Noel ao pavillón.



Pazolandia é un pequeno parque de atraccións, no que os rapaces de O Irixo disfrutaron dunha divertida sesión con diferentes alternativas de ocio individual e colectivo.

Festa da Xuventude

Un día para disfrutar no pavillón municipal, xogando ao fútbol-sala, baloncesto, fútbolín, badminton, tenis de mesa, etc. A Festa da Xuventude é outra das citas obrigadas do verán en O Irixe, e un lugar de encontro para veciños de aquí e os que residen fóra e veñen visitar aos seus familiares.



Actividades culturais



A área recreativa de O Irixe serviu de escenario ao aire libre dun espectáculo de contos e teatro organizado polo Concello coa axuda da Deputación. Un lugar especial que congregou a moitos espectadores.

A XVIII Festa do Cabalo de O Irixe reuniu a dúzias de exemplares en probas de andadura, trote e carreiras de burros. Unha cita destacada centos de afeccionados aos deportes ecuestres no concello e na nosa comarca.

Festa do Cabalo

